

Debedes contestaras as preguntas de xeito breve, pero claro e completo. Non é necesario escribir moito para facelo correcto (eu esténdome nalgunha cuestión pola necesidade de explicala). A puntuación vai ser a mesma e é o único xeito de poder realizar o exame completo. Contestade só o que se pregunta e non esquezades ningún aspecto ou apartado.

### 1.- setembro 2010. Opción A. Pregunta 4

Para evitar confusións, cómpre sinalar sempre o **verso** (só se denomina **liña** se é un texto en prosa) onde se encontra o pronome e/ou indicar un breve contexto en que aparece.

- V. 5. **Así te adora**: pronome en posición proclítica por ir precedido do adverbio *así*.
- V.12. **que (...) os leve**: posición proclítica por tratarse dunha oración subordinada. O enunciado que aparece entre paréntese é una explicación que vos pode enganar.  
Esta oración é semellante: desexo **que**,(o máis rápido posible), **os** leve a persoa que os trouxo.
- V. 13. **Que te alcuña**: posición proclítica por tratarse dunha oración subordinada.

### 2.-setembro 2012. Opción B. Pregunta 5

- **Para entreterme**: marca de verbo pronominal. Hai o verbo entreter ( transitivo): eu entreteño o neno (CD). E o verbo entreterse ( pronominal): eu entretéñome, ti entreteste, el entretense...  
Aínda que non é de todo correcta tamén deron por válida a resposta de que é un CD reflexivo ( porque eu entretéñome CD (a min mesmo).  
Aparece proclítico, pero podería ir enclítico por ser unha subordinada de finalidade, pois admiten ambas as dúas colocacións: para me entreter.
- **Non me dou concentrado** (⊗ esta é difícil) marca de verbo pronominal. O verbo é **concentrarse** (eu concéntrome, ti concéntraste, el concéntrase...) Pero ao ir nunha perífrase verbal, o pronome pasa ao verbo conxugado. É o habitual: eu concéntrome/ eu doume concentrado ; ti concéntraste/ ti dáste concentrado...  
Non pode ser CD porque concentrarse é intransitivo!!!!  
Vai proclítico por ser unha oración negativa.
- **Xa me son familiares**: CI (Iso éme familiar, iso éche familiar, iso élle familiar...). Non pode ser CD porque os CD ao pasalos a pasiva son suxeitos e aquí é imposible: eu son sido familiar?) Vai anteposto ou proclítico pola presenza do adverbio **xa**.
- **Que me auxilian**: CD. Aquí si, porque ao pasalo a pasiva convértese en suxeito: *eu son auxiliado*. Vai proclítico porque está nunha oración subordinada.

- **Enlazo as ideas e Plásmoas:** CD. (*As ideas (suxeito) son plasmadas*). Segue a norma xeral da énclice ( oracións simples e principais das subordinadas sen elementos que provoquen a énclice). Esta é unha oración coordinada, que funcionan coma se foran simples.

### 3.- xuño 2013. Opción B. Pregunta 4.

- **Os elos únense (I.3).** Enclítico ao verbo segundo a norma xeral. Non é posible a próclise porque non hai ningún elemento que a provoque.
- **Poden atoparse (I.6).** Trátase dun grupo verbal. (Non é unha perífrase porque non ten un significado conxunto: Que pode? Atoparse) e polo tanto, pode ir co verbo conxugado, segundo as regras ou enclítico ao infinitivo : *pódense atopar* ou *poden atoparse*.
- **Como se estrañaron (I.10).** Posición proclítica ao verbo porque está nunha oración subordinada. Neste caso non é posible outra colocación.
- **Calquera pode comprobalo (I.12).!!!! Poder comprobar** é un grupo verbal, así que, igual ca no caso anterior, se non aparece o pronome indefinido *calquera*, admitiría dúas posicións: *pódeo comprobar-* *pode comprobalo.* Pero o indefinido provoca a próclise, así que as posicións posibles son: *calquera pode comprobalo.*- *calquera o pode comprobar*

### 4.- xuño 2014. Opción A. Pregunta 5.(!!)

- *Pregunto por **que** eu non son.* Pronome interrogativo. Introduce unha oración subordinada substantiva de CD. (*Eu pregúntoo*)
- *Agardar **que** baixen as augas.* Conxunción subordinativa. Introduce unha oración subordinada de CD (*agardao*)
- *Eu son daquelas **que** cantan...* Pronome relativo que introduce unha oración subordinada adxectiva ou de relativo. Neste caso non aparece o antecedente expreso, pero sería: *daquelas ( mulleres) que...*
- *Nin o podo arrincar **que** arrincaría a alma.* Conxunción causal. Introduce unha oración subordinada causal. Equivale a porque.
- *Prendería o lume **que**...* Pronome relativo que introduce unha oración subordinada adxectiva ou de relativo.

### 5.- xuño 2016. Opción A. Pregunta 4.(!!!!)

- *Un home ...**que**.* Pronome relativo. Introduce unha oración subordinada de relativo.
- *Preguntou **qué** pasaba:* Pronome interrogativo. Introduce unha oración subordinada substantiva (interrogativa indirecta)
- **que:** Conxunción subordinativa.. Introduce unha subordinada substantiva con función de CD.

- **que:** Pronome relativo. Introduce unha oración de relativo especificativa.
- Díxolle **que** era pintor, (díxolle) **que** viñera...conxuncións subordinativas. Introdúcen unha subordinada substantiva con función de CD.( díxolle iso)

#### 6.- setembro 2017. Opción A. Pregunta 5

Outórganse os 0,5 puntos se se explican os valores ( valores semánticos, de significado) das formas **che** en cada caso.

- Eu non **che** teño a culpa: dativo de solidariedade. Emprégase como unha forma de implicar o interlocutor no enunciado, de buscar a empatía. Soe empregarse en contextos informais, e pode eliminarse sen alterar o significado do enunciado.
- Vou**che** solucionar o problema. É un CI. Indica o receptor ou beneficiario da acción expresada polo verbo. De suprimirse, altera o significado.

#### 7.-xuño 2019. Opción B. Pregunta 4.!!!!

- Non sei **se(1)** todo o que acabo de describir vos soa. Conxunción subordinante. Introduce unha oración subordinada de CD: non o sei.
- Exemplo de premonición literaria ou, **se(2) se (3)** prefire, de evidencia autorial.

**Se(2):** conxunción condicional. Introduce unha oración subordinada adverbial condicional.

**Se(3).**Pronome persoal. Marca de oración impersoal.